



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de decembro de 2023

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día quince de decembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira (RA 14/12/2023) por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(993).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión do 11 de decembro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(994).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL FASE 1B (ENTRE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA CAMALEÓN E PUNTA DE SAMIL)". EXPTE. 1670/441.

Visto o informe de fiscalización do 11/12/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 05/12/2023, que di o seguinte:

11. Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Recuperación do sistema dunar na praia de Samil Fase 1B (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil)" (1670-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Recuperación do sistema dunar na praia de Samil Fase 1B (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil)" (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou aprobar o expediente de contratación das obras do proxecto de "Recuperación do sistema dunar na praia de Samil Fase 1B (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil)" (1670-441), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 17 de novembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Recuperación do sistema dunar na praia de Samil Fase 1B (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil)" (1670-441) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

	Licitador	Puntuación
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,00
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	90,91
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	90,66
4	ORECO BALGON, S.A.	89,82
5	ORSA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	89,76
6	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	86,88
7	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	65,53

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 20 de novembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 27 de novembro de 2023, dentro do prazo concedido ao efecto.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 e 13 de novembro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Recuperación do sistema dunar na praia de Samil Fase 1B (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil)" (1670-441) cun prezo total do contrato de 1.605.430,27 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 278.628,39 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(995).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 3 DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS PARA A CABALGATA DE REIS 2024 EXPTE. 9948/335.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 12/12/2023, que di o seguinte:



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de reis 2024 (expediente 9948-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 10 de novembro de 2023 acordou aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de animacións para a Cabalgata de Reis 2024”.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 12 de novembro de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 27 de novembro.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 1 de decembro de 2023 2020, non se presentou ningunha proposición para o lote 3 “animacións na cabalgata de reis de baile e música con temática, cun elemento móbil e con persoas que incorporen algún tipo de discapacidade

Cuarto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 1 de decembro de 2023 acordou propor ao órgano de contratación declarar deserto o lote 3 deste procedemento dado que non se presentou ningún licitador.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para o lote 3 “animacións na cabalgata de reis de baile e música con temática, cun elemento móbil e con persoas que incorporen algún tipo de discapacidade”, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 1 de decembro de 2023, cómpre declarar deserto o lote 3 desta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 3 “do procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de animacións para a Cabalgata de Reis 2024 (9948-335) por non terse presentado ningunha proposición”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(996).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO FESTA INFANTIL DO JUDO. EXPTE. 22463/333.

Visto o informe xurídico do 04/12/2023 e o informe de fiscalización do 07/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado, a concelleira da Área de goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22463/333 sobre a proposta de subvención a favor da Federación Galega de Judo en relación á organización do evento deportivo Festa Infantil do Judo, e atendendo á observación detallada pola intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideración observada e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Engadiuse, na parte expositiva da proposta de subvención, a posibilidade de admitir, no momento da xustificación, de *“documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación”* tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o proxecto.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

1.- ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

2.- Con data 25.01.2023 o Concelleiro-delegado de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención nominativa por importe de 12.500,00€ a favor da entidade Federación Galega de Judo co CIF: G15109267 para a organización e desenvolvemento do evento FESTA DO JUDO INFANTIL 2023, con data 17 de decembro de 2023.

3.- A Federación Galega de Judo solicitou ó Concello de Vigo con data 21.02.2023 unha subvención en relación á proposta de celebración, na cidade de Vigo, da Festa Infantil do Judo 2023, fundamentando a proposta no interese público que para a cidade ten a celebración de dito evento, a repercusión social e o prestixio que ten o mesmo, cun grande



Concello de Vigo

seguimento mediático ao redor dunha competición multitudinaria na que participan 1.500 judokas de entre 4 e 12 anos.

4.- O crédito necesario consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.480.00.11 a favor de entidade Federación Galega de Judo, no orzamento da Concellería de deportes do ano 2023 aprobado polo Pleno do Concello de Vigo con carácter definitivo o 23 de decembro de 2022 (https://hoxe.vigo.org/oconcello/economica23_subvencions.php?lang=cas#/).

2.- FUNDAMENTOS:

Á vista da memoria xustificativa incorporada ao expediente, o outorgamento desta subvención ven motivado polo seguinte:

- Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e se atopa detallada no orzamento da Concellería de deportes do ano 2023 aprobado polo Pleno do Concello de forma definitiva o 23 de decembro de 2022, o que xustifica que se conceda directamente. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de convenio cuxo texto se somete a aprobación.
- O proxecto presentado pola Federación Galega de Judo fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese para a cidade desde un punto de vista da promoción do deporte de formación e unha ampla difusión en medios de comunicación.
- A Federación Galega de Judo, entidade única na comunidade galega na súa especialidade, conta coa estrutura, os medios materiais e humanos e a experiencia necesarias para a organización dun evento desta envergadura, e se entende que conta co coñecemento necesario para organizar o evento. Considérase que a Federación Galega de Judo ten unha capacidade técnica e loxística e unha experiencia que garante a mellor proposta organizativa do evento.
- A Festa Infantil do Judo foi organizada dende o seu inicio pola Federación Galega de Judo, polo que considérase que a proposta remitida pola Federación Galega de Judo segue a resultar de interese debido a súa experiencia no ámbito da organización de campionatos de gran envergadura facer. Ademais, a Federación conta coa estrutura de persoal, a capacidade para realizar todas as tarefas e funcións previas á celebración do evento, a dinamización previa, a promoción do evento, etc..., xa que conta coa súa propia web dedicada ó ámbito do judo, alcanzando directamente desta forma a todas as estruturas que forman parte da modalidade.
- O gasto global derivado do proxecto deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 25.000,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade. Considérase que este importe é axustado á envergadura do evento.

O crédito necesario e suficiente para esta subvención atópase dispoñible na aplicación orzamentaria 3410.489.00.11, que en todo caso verificará a Intervención municipal.

A Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, establece no seu artigo 8.2, que os municipios, no seu ámbito territorial, exercerán, entre outras competencias, a de “promover e, no seu caso, executar no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa administración autonómica, así como a colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.

Así mesmo, a propia Lei 3/2012, detalla no seu artigo 29, que as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, e coa colaboración, no seu caso, de outras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán alternativas e medios para a práctica da actividade física que leven a cabo as persoas físicas, individual ou colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

As Federacións deportivas galegas son entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da comunidade autónoma galega, e están integradas por clubs, seccións deportivas, deportistas, técnicos, xuíces árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos, co obxectivo de promover, practicar e en xeral contribuír ao desenvolvemento dunha modalidade deportiva, exercendo, tal como establece o artigo 56 da Lei do deporte de Galicia funcións propias e funcións públicas delegadas, e exercendo, entre outras, a colaboración coas administracións públicas na promoción do judo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na modalidade de judo na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, o que fundamenta a súa tramitación a través dunha subvención nominativa, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación

A tramitación do pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

A competencia para a resolución deste expediente corresponde á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g da LBRL).

3.- PROPOSTA DE ACORDO:

En virtude do exposto, fórmase a seguinte proposta de acordo, para a súa remisión á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e fiscalización pola intervención do Concello de Vigo.

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención directa a favor da Federación Galega de Judo CIF: G15109267 pola organización e desenvolvemento do evento FESTA INFANTIL DO JUDO 2023 de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo/convenio no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 12.500,00€. a favor da entidade Federación Galega de Judo CIF: G15109267 e enderezo social na Praza Agustín Díaz nº 3, 15008, en Coruña, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente núm. 22463-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800011 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO FESTA INFANTIL DO JUDO (Expediente 22463-333)

En Vigo na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana , como Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, D. Mario Manuel Muzas Cobo como presidente da Federación Galega de Judo co CIF: G15109267 e enderezo social na Praza Agustín Díaz nº 3, 15008, en Coruña, segundo resulta dos seus estatutos e na documentación do expediente núm. 22463-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O obxecto deste convenio é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo **FESTA INFANTIL DO JUDO**, organizado pola entidade deportiva **FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO** o día 17 de decembro de 2023.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.



Concello de Vigo

II.- A entidade deportiva **FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO** organiza o evento **FESTA INFANTIL DO JUDO** que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

A Festa do JUDO Infantil - Trofeo Mestre De Frutos é unha competición técnica, adaptada por parellas e que involucra 1.500 cativas e cativos na práctica deste deporte.

Presenta unha importante consolidación xa que vai pola súa 30ª edición, de modo que é un indispensable no calendario de actividades da federación galega e está fondamente vencellado á cidade de Vigo e á pista central do Pavillón de Municipal Travesas.

O carácter multitudinario e participativo deste trofeo súmase ao seu carácter de competición técnica de JUDO aplicado á defensa persoal, con intervención directa de 1.500 Judokas organizados en 5 niveis de asignación.

A promoción do deporte en xeral e do positivo dos seus valores, se engade o respecto e autocontrol que caracterizan ao JUDO, integrando á mocidade na práctica das artes marciais e nas competicións deportivas dende ben cativos, formando unha nova xeración de Judokas que representen este deporte no eido galego.

O evento tamén promociona a cidade de Vigo a través da divulgación nas redes sociais da Federación Galega, así como na cartalaría distribuída nos centros e clubs participantes e revistas as informativas dirixidas ás familias. O gran seguimento mediático do evento garante a asociación do nome do municipio co deporte en xeral e co JUDO en especial, durante toda a celebración.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público as posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como "Cidade do Deporte"

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.480.00.11 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 12.500,00 €, a favor da Federación Galega de JUDO.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da Federación Galega de Judo no evento deportivo “Festa Infantil do JUDO”.

VI.- Que a Federación Galega de JUDO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22463/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a entidade Federación Galega de JUDO conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade deportiva **FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO** comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organizar do evento deportivo FESTA INFANTIL DO JUDO, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumir todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

8º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolveron vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figurará nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

13º.- Atender, de existir, as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade deportiva FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO unha subvención por importe de 12.500,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.11 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do evento deportivo FESTA INFANTIL DO JUDO. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelaría, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 21 de Decembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.



Concello de Vigo

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no art. 118 da Lei de Contratos del Sector público 9/2017, de 8 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 21 de decembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4. Consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, dispoñendo se proceda a instruír a segunda prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.
5. Esta xefatura, como responsable do contrato, informa que a empresa **GENERAL ELEVADORES XXI SL** ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS



Concello de Vigo

- 1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.
- 2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
- 3.- Neste senso, o apartado 4 das FEC do PCAP establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas; o contrato iniciouse de forma efectiva o día 19 de abril de 2021.
- 4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarásese polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, de data 14 de novembro de 2023, autorizando o inicio deste expediente da terceira e derradeira prórroga do contrato.
5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.
- 6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a segunda prórroga do contrato de mantemento preventivo, correctivo e regulamentario dos elevadores e portas corredeiras automáticas nas bibliotecas públicas adscritas á Área de Cultura (expediente 3166/330), polo período dun ano, con inicio o día 19 de abril de 2024, polo importe total de **2.991,12 € (dous mil novecentos noventa e un euros con doce céntimos)**, ive engadido.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **2.991,12 € (dous mil novecentos noventa e un euros con doce céntimos)**, ive engadido, a favor de **GENERAL ELEVADORES**

XXI SL, CIF B02663250, con cargo á aplicación 3321.227.99.06 “Mantemento de ascensores en Bibliotecas”, según o seguinte

- **Ano 2024 (9 meses, abril a decembro): 2.243,34 €**
- **Ano 2025 (3 meses, xaneiro a marzo): 747,78 €**

TERCEIRO.- *Notificar o presente acordo ao adxudicatario”.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(999).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”. EXPTE. 16273/331.

Visto o informe xurídico do 22/11/2023 e o informe de fiscalización de data 05/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/11/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado, a concelleira-delegada da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 6 de febreiro de 2020 acordou (expte 15967/331):

“Adxudicar a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) o procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 543.858,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 94.388,63 euros.



Concello de Vigo

b) *Comprométese á realización de estudos de público usuario conforme ao previsto no apartado 7.B.3 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

c) *Comprométese a por a disposición do servizo 75 horas en horario diferente ao habitual, incluso en horario nocturno, sen custo para o Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada, formada pola proposición avaliable mediante xuízo de valor e a proposición avaliable a través de fórmula”.

2. Con data 5 de marzo 2020, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 3 de abril de 2020 (cláusula 4) .

3.- Este contrato estipula a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas, finalizando o periodo fixo de contrato o 2 de abril de 2022.

4.- Con data 25 de novembro de 2021, a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira prórroga do contrato, para o periodo do 3 de abril de 2022 ao 2 de abril de 2023.

5.- Con data 29 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno Local aprobou a segunda prórroga do contrato, para o periodo do 3 de abril de 2023 ao 2 de abril de 2024.

6.- Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 230358032, de data 15 de novembro, D. Celso Figueroa Suárez en nome e representación da mercantil LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) presta a súa conformidade á segunda prórroga do contrato, cunha duración de un ano, do 3 de abril de 2024 ao 2 de abril de 2025.

7. Consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, de data 14 de novembro, dispoñendo que por parte desta xefatura se proceda a instruír a terceira e derradeira prórroga do contrato, por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

8.- Esta xefatura informa que a empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 5 de marzo de 2020, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 3 de abril de 2020, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciaráselo polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, de data 28 de setembro de 2023, autorizando o inicio deste expediente da terceira e derradeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a terceira e derradeira prórroga do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” (expediente 15967/331), polo período dun ano, é dicir, dende o día 3 de abril de 2024 ao 2 de abril de 2025.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **271.929,15 € (douscentos setenta e un mil novecentos vintenoventa euros con quince céntimos)**, a favor de **LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595)**, con cargo á partida 3321.227.99.10 “Funcionamento da Biblioteca Martínez Garrido” do orzamento municipal, según o seguinte detalle

- Ano 2024 (3 de abril ao 31 decembro): 202.436,16 €



Concello de Vigo

➤ Ano 2025 (1 xaneiro ao 2 de abril): 69.492,99 €

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1000).- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO PARA O NOVO PARQUE DE BOMBEIROS EN ESTURÁNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6839/213.

Dáse conta do informe-proposta de data 01/12/2023, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira-delegada de Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 1 de setembro de 2023, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Paz Dismac, SL. o contrato do subministro de mobiliario e equipamento para o novo parque de Bombeiros de Esturáns do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (expediente 6839-213) por procedemento aberto e por un prezo total de:

Lote 1: corenta e dous mil catrocentos cincuenta e cinco euros con vinte e oito céntimos (42.455,28€) sendo a cota correspondente ao IVE de 7.368,27 €.

Lote 2: corenta mil cincocentos corenta e tres euros con vinte e oito céntimos (40.543,96€) sendo a cota correspondente ao IVE de 7.036,55 €.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 19 de setembro de 2023 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de tres meses sendo a data de inicio do mesmo o 20/09/2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A Lei 9/2017, do 8 de novembro. De contratos do Sector Público, polo que se traspón ao ordenamento Xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro 2014, contempla a posibilidade de suspender a execución do contrato público, así como a de extinguir o mesmo nos artigos 208 a 213, os que se encontran encardinados na subsección 5ª “ suspensión e extinción dos contratos” da sección segunda do capítulo primeiro “ das actuacións relativas á contratación das administracións públicas “ do título primeiro.

El artículo 208 LCSP establece "1. Si la Administración acordase la suspensión del contrato o aquella tuviere lugar por la aplicación de lo dispuesto en el artículo 198.5, se

extenderá un acta, de oficio o a solicitude do contratista, en la que se consignarán las circunstancias que la han motivado y la situación de hecho en la ejecución de aquel".

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local 23 de xuño de 2023 establece expresamente na Cláusula "CLÁUSULA 27.- EXECUCIÓN DO CONTRATO. 6.- O órgano de contratación poderá acordar a suspensión da execución nos seguintes supostos:

a) Cando circunstancias sobrevidas o aconsellen e así o decidan de mutuo acordo ambas partes".

Terceiro.- A empresa Paz Dismac, SL, ante a imposibilidade de executar o expediente 6839-213 por atoparse a execución da obra do novo parque de Esturáns con retraso e polo tanto de imposible realizar o equipamento para o novo parque como o subministro de mobiliario.

Con data 18/11/2021: Resolución da Xunta de Goberno Local na que se aproba o proxecto básico e de execución do novo parque de bombeiros e protección civil, redactado polos Arquitectos Municipais David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS NOVECIENTOS NOVENTA E TRES MIL SETECENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (2.993.738,31€).

Con data de 23/01/2023, asínase acta de comprobación de replanteo positiva.

En data 14/09/2023, ante a necesidade de executar traballos non contemplados no proxecto contratado, autorízase a modificación do Proxecto Básico e de Execución do novo Parque de Bombeiros e Protección Civil, coa posibilidade de modificación de base económica e prazos inicialmente recollidos no proxecto.

Actualmente atópase en fase de redacción o citado proxecto modificado, no que se recollerán as actuacións precisas para completa-la obra atendendo a determinadas circunstancias e condicións non contempladas inicialmente.

O prazo de execución da obra, segundo as previsións recollidas inicialmente en proxecto, rematada en data 23/01/2024. Con todo, a redacción do citado proxecto modificado contemplará un incremento de prazo nunha franxa que pode abranguer as 8-10 semanas, ó que engadido ás posibles paralizacións que poidan producirse por mor da tramitación non permite a día de hoxe establecer unha data definitiva de finalización, si ben cabe estimar o mes de maio de 2024 como data aproximada para a recepción da obra.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período de suspensión do contrato comprenderá dende o 20/12/2023 ao 20/05/2024.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a suspensión do contrato polo período comprendido dende o 20/12/2023 ao 20/05/2024., do subministro de mobiliario e equipamento para o novo



Concello de Vigo

parque de Bombeiros de Esturáns do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (expediente 6893-213) por procedemento aberto e por un prezo total de:

Lote 1: corenta e dous mil catrocentos cincuenta e cinco euros con vinte e oito céntimos (42.455,28€) sendo a cota correspondente ao IVE de 7.368,27 €.

Lote 2: corenta mil cincocentos corenta e tres euros con vinte e oito céntimos (40.543,96€) sendo a cota correspondente ao IVE de 7.036,55 €.

Segundo.- Notificar á empresa adxudicataria Paz Dismac, SL. Indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Terceiro.- Remitir ao Consello de Contas a suspensión do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Modificación do contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización. Expte. 8463/252.
- .- Outorgamento da convocatoria de axudas municipais á creación de empresas ano 2023. Expte. 19992/77.
- .- Adxudicación da contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do

destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo. Expte. 8494/104.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

9(1001).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN. EXPTE. 8463/252.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 29/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/11/2023, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxecto e conformado pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos para a xestión sustentable e integrada dos



Concello de Vigo

residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (PCAP)

- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 23 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación para a contratación de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización (expediente 7645-252).

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 26 de maio de 2022 acordou adxudicar a FCC MEDIOAMBIENTE SAU o citado procedemento:

“Adxudicar a FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A-28.541.639) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252) coas seguintes condicións:

1.- O prezo total do contrato é de 402.970.748,49 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 36.729.622,43 euros co seguinte detalle:

	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato calculado cun financiamento do 3% de tipo fixo	Parte variable	Variable por incentivo	Prezo do contrato
Prezo sen IVE	323.754.427,36	15.180.960,38 €	26.346.558,10 €	959.180,21 €	366.241.126,06 €
Importe IVE	32.375.442,74	1.518.096,04	2.634.655,81	201.427,85	36.729.622,43 €
Tipo impositivo	10%	10%	10%	21%	402.970.748,49 €

2.- Propón como porcentaxe para o cálculo do custe para a xestión dos residuos da fracción orgánica 70,00%.

3.- Propón como porcentaxe única de desconto sobre os prezos unitarios previstos no apartado 3.g desta FEC para determinar o custe dos incrementos sobre os mínimos obrigatorios establecidos no PPTP da recollida separada destes residuos 50,00%.

4.- Propón a seguinte porcentaxe única de aplicación para a redución do importe máximo do incentivo sobre a recollida selectiva clásica máis os RAEE 4%.

5.- Propón a seguinte porcentaxe de tipo de interese ofertado polo licitador para a determinación do custe financeiro do plan de investimentos 0,01%.

6.- Propón a seguinte porcentaxe como incremento de aplicación sobre o indicado na cláusula 4.5 do PPTP cuxo importe consta no Anexo VI deste PCAP, para determinar o gasto dedicado ás campañas de información, comunicación e concienciación cidadá en relación ao obxecto do contrato 0,40%.

7.- Propón como prezo por tonelada a aboar ao Concello de Vigo pola venda do residuo "Papel-Cartón" de acordo coas condicións definidas na cláusula 11.4 do PPTP o de 1,00 euro".

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 27 de xuño de 2022 e a execución do contrato iniciouse 1 de xullo, 1 de xullo de 2022 e rematará o 31 de decembro de 2031. Están previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- En data 28 de xaneiro de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria regulada pola orde do 30 de novembro de 2021 para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-next GenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2022 e 2023 (código do procedemento MT975K)".

A participación do Concello de Vigo fíxose en relación ás actuacións recollidas na liña 1ª: "proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaeróbica". A participación materializouse coa tramitación do Expediente municipal 7986-252, na que se acordou a presentación do proxecto de implantación do proceso de recollida separada de biorresiduos, cun importe solicitado de 587.674,00 €.

Quinto.- No Diario Oficial de Galicia nº 119 do 22 de xuño de 2022 publicouse a resolución de 13 de xuño de 2022 pola que se da publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da orde do 30 de novembro de 2021 referido no antecedente anterior, da que o Concello de Vigo resultou beneficiario dunha axuda de 587.674,00 € para o ano 2023, polo proxecto de implantación do proceso de recollida separada de biorresiduos a través da adquisición de 800 contedores (2.000 litros de capacidade nominal cada un) para a fracción orgánica (contedor marrón) con pechadura electrónica para apertura con tarxeta.

Sexto.- O 26 de setembro de 2023 o xefe de Limpeza, coa conformidade do concelleiro delegado da área de goberno de Fomento e Servizos, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da concesión da citada axuda.

Sétimo.- Con data 31 de outubro de 2023 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista na mesma data.

Oitavo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato (apartado 15.C da FEC) se concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) O incremento de novas zonas a incluír no ámbito do obxecto do contrato sobre as recollidas no PPTP cando a suma delas dende o inicio do contrato supoñan un incremento superior ao 6 % das zoas de actuación incluídas
- b) O incremento sobre o límite do 12% da cantidade global de residuos recollidos na cidade sobre a referencia indicado na cláusula 3.2 do PPTP.
- c) As obrigas impostas pola lexislación sectorial sobre os procesos da recollida selectiva das distintas fraccións de residuos que modifiquen os condicionantes económicos cos cales se determinan os custes da xestión e tratamento sobre as mesmas no presente contrato (prezos unitarios) así como calquera outras novas obrigas que deriven dunha eventual modificación ou revisión do regulamento do servizo.
- d) Causas de optimización do servizo cando o Concello de Vigo asine un convenio ou outra modalidade de negocio xurídico con algunha entidade pública o privada, para a xestión de certos residuos que están dentro do obxecto deste contrato
- e) Causas de progreso técnico que melloren aspectos relacionados coa xestión de residuos ou coa xestión da información relacionada con estas prestacións. Novos modelos de recollida e xestión que sexan medioambientalmente máis sostibles ou que redunden nunha mellora para a economía circular fomentando tamén a transición enerxética.
- f) En relación ás necesidades propostas no PLAN DE INVESTIMENTOS, o Concello de Vigo poderá propoñer unha compatibilización da súa execución coa solicitude de axudas económicas, tanto no caso de que o beneficiario sexa unha entidade pública como cando o beneficiario sexan entidades privadas, que poidan ser de aplicación a estes investimentos.

O modelo de execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS poderá ser revisado polo Concello de Vigo co obxecto do desenvolvemento de calquera proxecto de solicitude de achegas que posibiliten a realización de melloras no ámbito deste contrato. Sobre todo aquelas que posibiliten actuacións referentes ás obrigas derivadas da transición enerxética e a mellora da sustentabilidade ambiental neste sector.

En relación ás necesidades propostas no PLAN DE INVESTIMENTOS, o Concello de Vigo poderá propoñer unha compatibilización da súa execución coa solicitude de axudas económicas, tanto no caso de que o beneficiario sexa unha entidade pública como cando o beneficiario sexan entidades privadas,



Concello de Vigo

que poidan ser de aplicación a estes investimentos. A empresa queda obrigada a prestar a colaboración que se lle require neste documento. Así, se durante o período de execución do presente contrato existise a posibilidade de acudir a convocatorias de subvención, tanto no ámbito da Unión Europea como de outras administracións no Estado Español, o modelo de execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS proposto polo adxudicatario poderá ser modificado polo Concello de Vigo dentro dos límites que estableza o PCAP, pero sen minorar en ningún caso o importe comprometido pola empresa.

As modificacións que introduza o Concello de Vigo versarán sempre sobre aspectos que incidan na mellora tecnolóxica dos medios a incorporar ou dos equipamentos e infraestruturas adscritas (inmobles, estación de recarga de combustible gaseoso, instalacións de captación solar, instalacións de tratamento de auga para baldeo, etc). As modificacións estará relacionadas coas obrigas impostas pola transición enerxética, obrigas derivadas da mellora da sustentabilidade ambiental, coa diminución da pegada de carbono, ou calquera outra mellora que redunde nun beneficio para a prestación do contrato sempre mellorando a proposta da empresa na súa oferta e conforme aos intereses municipais.

Á vista desta condición poderán determinarse dúas opcións:

1.- Convocatorias de axudas económicas destinadas directamente á mercantil xestora das prestacións obxecto deste contrato (beneficiario privado):

De existir unha convocatoria de axudas cuxo beneficiario sexan entidades privadas, e cun obxecto compatible coas obrigas da adxudicataria do contrato, deberase atender aos seguintes criterios:

a. A mercantil adxudicataria deberá informar ao Concello de Vigo, e este autorízalo para presentarse á devandita convocatoria. No informe indicará o obxecto da mesma, as condicións e o alcance tanto técnico como económico da devandita convocatoria, así como a incidencia económica sobre o contrato.

b. De ser autorizado polo Concello de Vigo, a mercantil deberá desenvolver o proxecto e presentalo, asumindo baixo a súa responsabilidade os custos de preparación e presentación.

c. No caso de ser beneficiaria do proxecto subvencionado, o Concello de Vigo deberá aprobar a conformidade de execución, a cal debe de recoller os axustes económicos que provocará o proxecto da subvención no modelo de execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS que se regula no marco deste contrato. Dado que calquera proxecto presentado terá unha incidencia económica positiva para o contrato, e que na maioría de casos afectará as obrigas de investimento do adxudicatario, polo cal se entende que dita subvención, levará implícito unha mellora na economía do PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato e deberase proceder ao axuste necesario. Este poderá aplicarse a unha mellora dos condicionantes da renovación de flota que revertan no Concello ou de mellora nas instalacións de titularidade municipais postos a disposición do contratista, ou de ser o caso, na minoración dos custes económicos do citado PLAN DE INVESTIMENTOS.

2.- Convocatorias de axudas destinadas directamente á administración local, e nas que poda concorrer o Concello de Vigo como titular dos servizos obxecto deste contrato (beneficiario público).

De existir unha convocatoria de axudas cuxo beneficiario sexa unha entidade pública, cun obxecto compatible coas obrigas vinculadas as prestacións obxecto deste contrato, deberase atender aos seguintes criterios:

a. O Concello de Vigo será o responsable de presentar a proposta de participación na convocatoria de axudas. No estudo previo que se realice, indicarse o obxecto da mesma, as condicións e o alcance tanto técnico como económico da devandita convocatoria, así como a incidencia económica na execución do PLAN DE INVESTIMENTOS.

b. Será obrigación da mercantil adxudicataria colaborar no ámbito técnico do proxecto, facilitándolle ao Concello de Vigo toda a información necesaria para a definición do proxecto, memoria e toda a documentación obrigatoria para a participación na convocatoria, nas partes que o obxecto do proxecto estea directamente relacionado coas actuacións e obrigacións que deba de executar como adxudicatario.

c. Cando a convocatoria das axudas cofinancien unha parte do proxecto, a achega obrigada como administración local poderá vincularse aos créditos que determinan o PLAN DE INVESTIMENTOS da oferta do adxudicatario. De ser necesario, tanto pola oportunidade económica e de interese xeral para o Concello, poderá propoñerse unha modificación do PLAN DE INVESTIMENTOS, incrementando o mesmo ata un máximo do 20 %, para o cal deberá procederse a súa tramitación e aprobación polo órgano de contratación. En ningún caso poderán utilizarse créditos comprometidos pola empresa para a adquisición de medios que xa foron aprobados polo responsable municipal do contrato.

d. O Concello de Vigo aprobará a presentación do proxecto.

e. De ser concedida a subvención solicitada, O concello de Vigo procederá ao seu desenvolvemento, e a mercantil concesionaria actuará como asistencia técnica nos procesos necesarios para a execución do proxecto.

f. Unha vez executado, todos os investimentos realizados que se atopen directamente relacionadas co obxecto do contrato reverterán no mesmo, e deberase procederse ao correspondente axuste económico da prestación en base á afección que se produza. Esta proposta sempre estará supeditada a unha mellora dos condicionantes da renovación de flota ou instalacións que revertan no Concello.

Polo anterior outras circunstancias que determinan a modificación do contrato serán as variacións necesarias en relación ao PLAN DE INVESTIMENTOS presentado pola empresa, cando as mesmas se atopen incluídas en solicitudes de proxectos de subvencións outorgadas por axentes externos ao Concello de Vigo que posibiliten unha mellora da eficiencia medioambiental ou técnica dos medios a empregar para o cumprimento do obxecto do contrato.



Concello de Vigo

Se concorre algunha das citadas circunstancias, se sinalan como aspectos a modificar (apartado 15.B da FEC):

- a) Importe dos custes da parte fixa do contrato.
- b) Importe dos custes da parte variable do contrato.
- c) Importe do PLAN DE INVESTIMENTOS presentado na oferta.

Se establecen como límites da modificación (apartado 15.D da FEC):

- Para as posibles modificacións do importe dos custes da parte fixa e variable do contrato non poderá superar o límite do 5 % do importe do contrato para estes conceptos.
- Para as posibles modificación do importe do PLAN DE INVESTIMENTOS, non se poderá superar o límite do 20 % do total do PLAN DE INVESTIMENTOS previsto no presente contrato.

A modificación obxecto deste informe vén motivada polas causas citadas nos apartados 15.C.f.2 *“compatibilización da súa execución coa solicitude de axudas económicas que poidan ser de aplicación a estes investimentos (...) Convocatorias de axudas destinadas directamente á administración local, e nas que poda concorrer o Concello de Vigo como titular dos servizos obxecto deste contrato (beneficiario público)”*, e 15.e *“causas de progreso técnico que melloren aspectos relacionados coa xestión de residuos ou coa xestión da información relacionada con estas prestacións. Novos modelos de recollida e xestión que sexan medioambientalmente máis sostibles ou que redunden nunha mellora para a economía circular fomentando tamén a transición enerxética.”*

Informa ao respecto o responsable do contrato, en data 26 de setembro de 2023 o seguinte:

“II.- XUSTIFICACIÓN TECNICA PARA A SOLICITUDE DO MODIFICADO:

Á vista dos antecedentes descritos, procede identificar dous aspectos que xustifican a necesidade da modificación proposta neste expediente:

1º aspecto que xustifica a necesidade da modificación do contrato:

Compatibilizar o PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato coa execución das obrigas derivadas da concesión da subvención outorgada pola Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea-next Generation EU, polo importe de 587.674,00 € para o ano 2023.

O Concello de Vigo ten a obriga de executar e xustificar o obxecto da subvención antes do 30 de novembro de 2023, a cal contempla o subministro e colocación de 800 unidades de contedores para a fracción orgánica “Contedor Marrón” de 2.000 Litros con pechadura electrónica.

Tal como se xustificou na solicitude da subvención (Exp. 7986-252), esta actuación se atopa vinculada o PLAN DE INVESTIMENTOS do vixente contrato dos “Servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do Marco Europeo da Estratexia da Economía Circular (exp. 7645-252)”.

Polo exposto, a necesidade de compatibilizar o PLAN DE INVESTIMENTOS con esta subvención require a modificación do contrato para adiantar o pago da totalidade do importe dos 800 contenedores antes da data límite para a xustificación ante a autoridade autonómica, o cal ten unha incidencia directa na execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS que debe ser revisada.

Esta modificación se contempla e queda amparada polo apartado 15.C f) das FEC do PCAP reitor do contrato, referido nos antecedentes deste informe.

2º aspecto que xustifica a necesidade da modificación do contrato.

Actualizar, modernizar e ampliar a instalación da estación de carga de Gas Natural Comprimido (GNC) existente na parcela municipal posta a disposición da contrata, para subministro de combustible aos vehículos do servizo.

O primeiro aspecto que xustifica a modificación do contrato, no que se propón adiantar o pago da totalidade do importe dos 800 contedores da fracción orgánica, e que está vinculado á subvención recibida, xustifica a oportunidade de financiar novos investimentos no contrato, polo importe da subvención recibida, tal como recolle o apartado 15.C f) das FEC. Este apartado de forma específica indica:

“No caso de ser beneficiaria do proxecto subvencionado, o Concello de Vigo deberá aprobar a conformidade de execución, a cal debe de recoller os axustes económicos que provocará o proxecto da subvención no modelo de execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS que se regula no marco deste contrato. Dado que calquera proxecto presentado terá unha incidencia económica positiva para o contrato, e que na maioría de casos afectará as obrigas de investimento do adxudicatario, polo cal se entende que dita subvención, levará implícito unha mellora na economía do PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato e deberase proceder ao axuste necesario. Este poderá aplicarse a unha mellora dos condicionantes da renovación de flota que revertan no Concello ou de mellora nas instalacións de titularidade municipais postos a disposición do contratista, ou de ser o caso, na minoración dos custes económicos do citado PLAN DE INVESTIMENTOS.”

Tendo en conta esta condición, e tal como se indicou nos antecedentes deste informe, para a execución deste contrato o Concello de Vigo puxo a disposición da adxudicataria a parcela de 12.807 m² na estrada de



Concello de Vigo

Camposancos nº 147 que é de propiedade municipal. Esta parcela conta con diversas edificacións e instalacións descritas no Anexo 18 do PPTP, en concreto unha estación de carga de Gas Natural Comprimido (GNC).

Co inicio do novo contrato e tendo en conta a oferta da adxudicataria, mellorarase notablemente a emisión de gases contaminantes á atmosfera e a pegada de carbono do conxunto do servizo. A empresa incrementou o número de vehículos con motorización de gas natural comprimido (GNC) a renovar dentro do plan de investimentos do contrato. Estes novos vehículos que substituirán a outras unidades de motor diésel, deben cargar o combustible na mesma planta de subministración de gas que o Concello de Vigo puxo a disposición da empresa FCC na parcela da Estrada de Camposancos, e que lle serve como base e parque central de servizos para a execución do contrato. Os novos vehículos de gas a engadir aos anteriores, recomentan incrementar a capacidade de subministración da planta actual e o número de surtidores dos que dispón, para prestar un mellor servizo. A modificación da planta permitirá optimizar os tempos de recarga dos vehículos coa mellora que isto supón dato que canto menos tempo de recarga máis tempo útil de traballo na cidade. En tal sentido xurde a necesidade de actualizar, modernizar e ampliar a planta de subministración de gas da instalación municipal posta ao servizo da adxudicataria na Estrada de Camposancos nº 147. Dita actuación consiste en substituír os dous compresores por outros máis modernos, silenciosos e potentes, que permitan incrementar os puntos de subministro aos vehículos. Deste xeito poderán cargar gas ademais das unidades antigas tamén as novas que ofertou a empresa en substitución de vehículos diésel.

Esta substitución proposta dos dous compresores por outros de maior eficiencia, incluíndo a modificación das bancadas para adaptalas ás novas dimensións, e a incorporación de 3 novos dispensadores de carga de GNC, que atenderán o incremento dos vehículos adscritos ao servizo na cidade, supón un custe non contemplado no PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato actual. O novo investimento ven motivado por unha banda en causas de progreso técnico, dado que os compresores actuais xa están desfasados polo tempo que levan en servizo e os novos son máis eficientes, silenciosos e con mellor rendemento. A outra motivación desta modificación do contrato ven da mellora na transición ecolóxica cara ao uso de combustibles menos contaminantes, que ven propiciada pola substitución de vehículos diésel por outros de gas natural comprimido que son medioambientalmente máis sostibles. Ambas motivacións aportan argumentos que melloran substancialmente aspectos da xestión de residuos na cidade polo que quedan amparadas no marco do contrato actual e as circunstancias que determinan a súa modificación conforme ao indicado no PCAP.

Esta modificación do contrato está amparada no apartado 15) das FEC, na que sobre as circunstancias que determinan a modificación, o epígrafe e) indica:

“e) causas de progreso técnico que melloren aspectos relacionados coa xestión de residuos ou coa xestión da información relacionada con estas prestacións. Novos modelos de recollida e xestión que sexan medioambientalmente máis sostibles ou que redunden nunha mellora para a economía circular fomentando tamén a transición enerxética.”

Ademais do anterior, procede indicar que a modificación que se propón para o PLAN DE INVESTIMENTOS DO CONTRATO, que inclúe os dous aspectos indicados: 1º a concesión da subvención outorgada pola Xunta de Galicia, e 2º actualizar, modernizar e ampliar a instalación da estación de carga de Gas Natural Comprimido, é viable no marco do importe que se recibe da subvención. O importe recibido da subvención é semellante ao que se precisa para modernizar a planta de gas”.

É preciso aclarar que no informe se pon de releve un erro na oferta do licitador con relación ao plan de investimentos:

“ 8.1.- Determinación do importe en exceso do plan de investimentos da oferta.

Conforme á oferta do adxudicatario, o investimento do primeiro ano do contrato é: 6.750.277,56€. Na oferta, este investimento queda amortizado en 9,75 anos [9 anos e 9 meses que son 117 mensualidades (abril 2022 a decembro 2031)], a un tipo de xuro do 0,01%, polo que resulta unha anualidade de 692.708,34€/ano, e unha mensualidade de 57.725,70€/mes (692.708,34 / 12 = 57.725,70). Este importe inclúe a parte de amortización máis o financiamento correspondente (A+F).

Calculando o custe da operación (A+F) para os 117 meses resulta este en:

$$117 \text{ mes} \times 57.725,70\text{€/mes} = 6.753.906,32\text{€}$$

A oferta aprobada establece un pago á empresa de 692.708,34 €/ano, que se prolonga por 10 anos completos (2022 a 2031 ambos incluídos) resultando en total:

$$10 \text{ anos} \times 692.708,34\text{€/ano} = 6.927.083,40\text{€}$$

Como se pode apreciar, este importe resultante é superior ao custe da operación calculado. A diferenza en exceso que percibiría a empresa sería:

$$6.927.083,40\text{€} - 6.753.906,32\text{€} = 173.177,09 \text{ €}$$

Estes 173.177,09€ coinciden con tres mensualidades da cota A+F do investimento do primeiro ano do contrato (diferenza entre 10 anos e 9,75 anos), e deben terse en conta nos cálculos a realizar para determinar o prezo do modificado nº1 deste contrato.

En tal sentido, restando o importe en exceso ao plan de investimentos da oferta (173.177,09€), resulta que o plan de investimentos correxido é:



Concello de Vigo

$$15.180.960,38 - 173.177,09 = 15.007.783,30''$$

Para determinar o importe da modificación do plan de investimentos por mor da actualización da planta de gas e pola amortización anticipada dos contedores, o citado informe técnico parte do plan de investimentos modificado conforme á táboa III-4

“Táboa III-4

Conforme ao anterior, o novo cadro de amortización do investimento correspondente ao primeiro ano do contrato (6.750.277,56€) é o seguinte:

novο cadro de amortización do investimento correspondente ao primeiro ano do contrato

DE INICIO	Cuota anual	Tipo anual	Capital inicial
	692.708,34	0,01%	6.750.277,56

Ano	Período	Cuota período (A+F) sen IVE	Xuros período (0,01% Anual)	Amortiz. período	Capital vivo a fin de período	Diferenza na cota do período respecto da oferta
2022	completo	692.708,34	675,03	692.033,32	6.058.244,24	0,00 €
2023	xan-outub	577.256,95	509,91	576.747,29	5.481.496,95	0,00 €
	Amortización anticipada de capital:			757.528,13	4.723.968,82	+757.528,13 €
A PARTIR DE AQUÍ, NOVO CADRO DE AMORTIZACIÓN DO INVESTIMENTO PENDENTE 4.723.968,82€ en 98 meses ao 0,01% anual						
2023	nov-dec	96.447,30	78,33	96.368,97	4.627.599,85	(*) -19.004,09 €
2024	completo	578.683,79	436,24	578.247,55	4.049.352,30	-114.024,55 €
2025	completo	578.683,79	378,41	578.305,38	3.471.046,92	-114.024,55 €
2026	completo	578.683,79	320,58	578.363,21	2.892.683,71	-114.024,55 €
2027	completo	578.683,79	262,75	578.421,05	2.314.262,66	-114.024,55 €
2028	completo	578.683,79	204,90	578.478,89	1.735.783,77	-114.024,55 €
2029	completo	578.683,79	147,06	578.536,74	1.157.247,04	-114.024,55 €
2030	completo	578.683,79	89,20	578.594,59	578.652,45	-114.024,55 €
2031	completo	578.683,79	31,34	578.652,45	0,00	+59.146,04€ (**)
Diferencial total :						- 501,77 €

O signo negativo (-) na diferenza significa que o Concello de Vigo paga menos do importe ofertado pola empresa

(*) -19.004,09 = 96.447,30 (nov-dec) - 115.451,39 (nov-dec táboa III 2)

(**) a explicación desta diferenza positiva do ano 2031 atópase na táboa III-2

$$59.146,04 = 578.683,79 - 519.537,75 \text{ (ano 2031 en táboa III 2)"}$$

E incrementa o investimento en 723.470,70 € (custe da actualización da planta de GNC) a partir do mes de novembro do 2023. Con este incremento o plan de investimentos total do contrato queda modificado conforme ao detalle da seguinte táboa:

“Táboa III-6

Conforme ao indicado, o novo cadro de amortización do investimento correspondente ao primeiro ano do contrato (6.750.277,56€), incluíndo ambos conceptos: amortización anticipada dos contedores e novo investimento na planta de gas (723.470,70€), é o seguinte:

novo cadro de amortización do investimento correspondente ao primeiro ano do contrato incluíndo ambos conceptos

DE INICIO	Cuota anual	Tipo anual	Capital inicial
	692.708,34	0,01%	6.750.277,56

Ano	Período	Cuota período (A+F) sen IVE	Xuros período (0,01% Anual)	Amortiz. período	Capital vivo a fin de período	Diferenza na cota do período respecto da oferta CORREXIDA
2022	completo	692.708,34	675,03	692.033,32	6.058.244,24	0,00 €
2023	xan-outub	577.256,95	509,91	576.747,29	5.481.496,95	0,00 €
	Amortización anticipada de capital:			757.528,13	4.723.968,82	+757.528,13 €
	Investimento na planta de GNC: 723.470,70 €			Non procede	5.447.439,52	Non procede
A PARTIR DE AQUÍ, NOVO CADRO DE AMORTIZACIÓN DO INVESTIMENTO PENDENTE INCLUÍENDO AMBOS CONCEPTOS 5.481.496,95-757.528,13=4.723.968,82+723.470,70 =5.447.439,52 € en 98 meses ao 0,01% anual						
2023	nov-dec	111.218,10 €	90,32 €	111.127,77 €	5.336.311,75 €	-4.233,29 €
2024	completo	667.308,59 €	503,05 €	666.805,54 €	4.669.506,21 €	-25.399,75 €
2025	completo	667.308,59 €	436,37 €	666.872,22 €	4.002.633,99 €	-25.399,75 €
2026	completo	667.308,59 €	369,68 €	666.938,91 €	3.335.695,08 €	-25.399,75 €
2027	completo	667.308,59 €	302,99 €	667.005,60 €	2.668.689,48 €	-25.399,75 €
2028	completo	667.308,59 €	236,28 €	667.072,30 €	2.001.617,18 €	-25.399,75 €



Concello de Vigo

2029	completo	667.308,59 €	169,58 €	667.139,01 €	1.334.478,17 €	-25.399,75 €
2030	completo	667.308,59 €	102,86 €	667.205,72 €	667.272,44 €	-25.399,75 €
2031	completo	667.308,59 €	36,14 €	667.272,44 €	0,00 €	+ 147.770,84 € (*)
Diferencial total:						+ 723.267,40 €(**)

(*) a explicación desta diferenza positiva do ano 2031 atópase na táboa III-2

Neste ano 2031 corríxese o plan de investimentos da oferta segundo o apartado III A 8.1.-

(**) este importe coincide co incremento no contrato polo custe do investimento na planta de GNC (723.769,12€) menos o aforro en intereses polo pago anticipado dos 800 contedores de orgánica (501,77€)

Á vista dos cálculos anteriores e tendo en conta o custe do plan de investimentos do contrato corrixido segundo III.A.8.1, o incremento do Plan de investimentos do contrato con esta modificación conxunta ascende a 723.267,40€, o que supón un incremento do 4,82% sobre o inicial corrixido.

$$(723.267,40 / 15.007.783,30) \times 100 = 4,82\%$$

O citado informe determina como quedarían os distintos conceptos que compoñen o prezo do contrato tras a modificación proposta:

“Tendo en conta a modificación do plan de investimentos, o importe do contrato que resulta da modificación nº 1 é o seguinte:

total parte fixa:.....323.754.427,36€ ()
 amortización máis financiamento:.....15.731.057,17€
 total parte variable:.....26.346.558,10€
 total incentivo:.....959.180,21€
 total ive 10%:.....36.583.204,26€
 total ive 21%:.....201.427,85€
 TOTAL do contrato modificado nº1:.....403.575.854,95€
 (*) Do ano 2022 computan 6 meses e non os 9 ofertados”*

Así mesmo, no informe se propón a inclusión no PCAP das obrigas derivadas da aceptación da subvención, tanto con relación ao contratista, como á Administración e, en concreto, ao responsable do contrato:

“VII.-OBRIGAS DERIVADAS DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

No Diario Oficial de Galicia Núm. 119 do 22 de xuño de 2022 publicouse a RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2022 pola que se da publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE no marco

do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K) resultando o Concello de Vigo beneficiario de dita subvención.

En relación á execución desta achega debese atender a todas as obrigas derivadas da normativa comunitaria (Regulamento (UE) nº 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación, tras a crise da COVID-19, Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia); e da normativa de subvencións (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións).

Na normativa referida dispónse que é de obrigado cumprimento o seguinte:

- Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude «bandeiras vermellas»). Asegurar a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude, a corrupción e previr o conflito de interese e o dobre financiamento.*
- Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.*
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 15, número 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que toda actividade, investimento ou material (incluído o que se difunda de maneira electrónica ou empregando medios audiovisuais) que se realice contando con financiamento obtido a partir destas axudas deberá cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto, de conformidade co establecido no anexo IV das bases da convocatoria.*
- Cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia. En particular, nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolvan os investimentos (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios, insercións en prensa, certificados, etc., se fará mención da orixe deste financiamento e se velará por darlle visibilidade, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», tal como se reflicte no artigo 34 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o*



Concello de Vigo

Mecanismo de recuperación e resiliencia. Todos os carteis e placas deberán colocarse nun lugar ben visible de acceso ao público.

- *Facilitar a recolla de indicadores de resultado cuantitativos e cualitativos, tras a execución do proxecto subvencionable, nun prazo de entre seis meses e tres anos despois da finalización.*
- *Facilitar a información que permita ao órgano concedente medir a contribución da actividade subvencionada ao correspondente indicador establecido sobre o rendemento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, consonte ao artigo 30 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, e establecido co número 188, en relación coa medida C12.I3, no anexo da proposta de decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España.*
- *Respectar o principio de «non causar un prexuízo significativo» na execución das actuacións subvencionadas no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 2019/2088.*

Todas as actuacións levadas a cabo no marco de dita convocatoria implican que o beneficiario asumirá as obrigas e responsabilidades regulados nas Bases Reguladoras e na propia Convocatoria, onde se identifica, entre outras, a seguinte normativa:

- *Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbase e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021.*
- *Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.*
- *Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.*
- *Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa ó análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

Atendendo ao indicado nos parágrafos anteriores, é necesario que a modificación do contrato inclúa certas obrigas e outras condicións tanto para o adxudicatario como para o responsable municipal do contrato. As obrigas do adxudicatario están relacionadas coa adquisición e posta en funcionamento dos 800 contedores para materia orgánica “contedor marrón”, e as obrigas

para o responsable do contrato están relacionadas co establecemento de mecanismos de control e outros informes. Ademais tamén debe modificarse o financiamento do contrato en relación ao apartado subvencionado, e a obriga de conter tanto no encabezamento como no corpo a referencia ao plan que o financia. Estas obrigas recóllense nos seguintes puntos:

1.- Incluir no texto da modificación do contrato como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas ao financiamento con Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, e máis concretamente en relación as bases reguladoras para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
- Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.*
- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais.*
- Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.*



Concello de Vigo

- *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control. Facilitar a recolla de indicadores de resultado cuantitativos e cualitativos, tras a execución do proxecto subvencionable, e nun prazo de entre seis meses e tres anos despois da finalización e facilitar a información que permita ao órgano concedente medir a contribución da actividade subvencionada ao correspondente indicador establecido sobre o rendemento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, consonte ao artigo 30 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, e establecido co número 188, en relación coa medida C12.I3, no anexo da proposta de decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España [SWD(2021) 147 final].*
- *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.*
- *Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, e de conformidade co establecido no anexo IV das bases reguladoras desta achega.*
- *Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*

2.- Incluir no texto da modificación do contrato como obrigas para o responsable do contrato en relación á condición de ser un contrato financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, as seguintes:

- *Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

- *Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

3.- *Incluír no texto da modificación do contrato o seguinte:*

- *En relación á condición de contrato cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU, figurando o devandito Plan dentro do eixe/compoñente 12: política industrial de España 2030, medida/investimento 13: Plan de apoio á implementación da normativa de residuos e ao fomento da economía circular (residuos e economía circular), submedida 001: residuos e economía circular, modalidade de financiamento 4620-MRR, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.*

4.- *Identificar na proposta de modificación do contrato que segundo o establecido no artigo 9.3.b da Orde HFP/1030/2021, todas as convocatorias, licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos que se desenvolvan no ámbito do PRTR, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo a seguinte referencia «Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia - Financiado por la Unión Europea - NextGenerationEU».*

A incorporación destas obrigas ao contrato non implica custe económico ningún.

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- *Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece, por unha banda á concesión da subvención outorgada pola Xunta de Galicia, e por outra a actualizar, modernizar e ampliar a instalación da estación de carga de Gas Natural Comprimido.*
- *Supón un incremento de 723.267,40 € do prezo do do PLAN DE INVESTIMENTOS, que equivale a un 4,82% , atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do citado plan, que é do 20 % do total do mesmo, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.*

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).



Concello de Vigo

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, evacuose trámite de audiencia ao contratista, por canto non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque aínda que o prezo primitivo do contrato é superior a 6.000.000 euros (402.970.748,49 €), se trata dunha modificación prevista no PCAP e a porcentaxe de modificación é inferior ao 20% do prezo

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: cumprir coas obrigas derivadas da concesión dunha subvención no marco do PRTR, así como melloras de tipo medioambiental asociadas a execución das prestacións obxecto do contrato. Así, tal e como informa o servizo xestor:

“1º aspecto que xustifica a necesidade da modificación do contrato:

Compatibilizar o PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato coa execución das obrigas derivadas da concesión da subvención outorgada pola Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea-next Generation EU, polo importe de 587.674,00 € para o ano 2023.

Tal como se xustificou na solicitude da subvención (Exp. 7986-252), esta actuación se atopa vinculada o PLAN DE INVESTIMENTOS (...) a necesidade de compatibilizar o PLAN DE INVESTIMENTOS con esta subvención require a modificación do contrato para adiantar o pago da totalidade do importe dos 800 contenedores antes da data límite para a xustificación ante a autoridade autonómica, o cal ten unha incidencia directa na execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS que debe ser revisada.

Esta modificación se contempla e queda amparada polo apartado 15.C f) das FEC do PCAP

2º aspecto que xustifica a necesidade da modificación do contrato.

Actualizar, modernizar e ampliar a instalación da estación de carga de Gas Natural Comprimido (GNC) existente na parcela municipal posta a disposición da contrata, para subministro de combustible aos vehículos do servizo”.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor:

“VI.- FINANCIAMENTO

A modificación nº1 do contrato será financiada con cargo á aplicación 1622.227.99.01 “XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS”, de acordo cos seguintes datos:

A) En relación á subvención adxudicada débese proceder a xerar o crédito polo importe outorgado (587.674,00 €), na aplicación orzamentaria 1622.227.99.01 “XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS”, co que resulta:

Credito inicial na aplicación 1622.227.99.01 “XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS”	37.764.545,00 €
Xeración de crédito	587.674,00 €
TOTAL en partida	38.352.219,00 €

B) En relación á execución do contrato no ano 2023, procede indicar que dos datos actuais resulta:

Crédito autorizado e disposto (AD) para o pago do contrato no ano 2023, reservado a favor da empresa FCC MEDIOAMBIENTE SA (NIF: A28541639): 37.764.506,92€, co número de operación 202300006426 de 23/01/2023.

Relación de facturas xa aplicadas a esta reserva de crédito (período Xaneiro/agosto 2023):

	Custes fixos incluído investimento	Variable selectiva (orgánica +) S/IVA	incentivo recollida selectiva clásicos S/IVE	IVA 10%	IVA 21%	Gasto total con IVE aplicado	Desviación sobre a previsión de gasto máximo por mes do contrato
Xan	2.817.446,76	852,15	5.479,44	281.829,89	1.150,68	3.106.758,92	- 40.283,32 €
Feb	2.817.446,76	955,72	5.950,31	281.840,25	1.249,57	3.107.442,61	- 39.599,63 €
Mar	2.817.446,76	683,03	5.333,16	281.812,98	1.119,96	3.106.395,89	- 40.646,35 €
Abr	2.817.446,76	804,95	11.247,38	281.825,17	2.361,95	3.113.686,21	- 33.356,03 €
Mai	2.817.446,76	858,71	4.984,43	281.830,55	1.046,73	3.106.167,18	- 40.875,06 €
Xuñ	2.817.446,76	1.401,46	5.441,78	281.884,82	1.142,77	3.107.317,59	- 39.724,65 €
Xull	2.817.446,76	1.776,41	1.498,11	281.922,32	314,60	3.102.958,20	- 44.084,04 €
Ago	2.817.446,76	1.830,16	10.704,40	281.927,69	2.247,92	3.114.156,93	- 32.885,31 €



Concello de Vigo

								- 311.454,42 €
--	--	--	--	--	--	--	--	----------------

Á vista dos importes xa facturados no 2023, debe indicarse que a facturación dos importes variables se atopa por debaixo da previsión de máximos contemplada no contrato. O gasto real dos 8 primeiros meses do ano 2023 atópase por debaixo da previsión de gasto en 311.454,42 €. En tal sentido pódese aplicar este crédito non utilizado do máximo previsto ata o mes de agosto do 2023, para financiar o modificado nº 1 do contrato.

Para determinar o gasto necesario no ano 2023, partindo do prezo inicial do contrato: 37.764.506,92€, descóntase a parte do variable non gastada entre xaneiro e agosto deste ano 2023: 311.454,42€, polo que a necesidade real de crédito para o 2023 é: 37.453.052,50€.

Polo dito, pode minorarse o prezo do contrato adxudicado, exclusivamente para o ano 2023, en 311.454,42€, do que resulta un prezo antes da modificación e para o ano 2023 de: 37.764.506,92 - 311.454,42 = 37.453.052,50 €

C) Cálculos da necesidade de créditos para dar cobertura á proposta do modificado nº 1:

	Credito do contrato adxudicado	Necesidades de crédito para o Modificado nº1	Diferenza co contrato adxudicado:
2023	37.764.506,92 €	38.593.131,24 €	828.624,32 €
2024	39.134.658,30 €	39.106.718,56 €	-27.939,74 €
2025	41.837.373,65 €	41.809.433,91 €	-27.939,74 €
2026	42.607.801,87 €	42.579.862,14 €	-27.939,73 €
2027	43.256.778,00 €	43.228.838,27 €	-27.939,73 €
2028	43.919.866,98 €	43.891.927,24 €	-27.939,74 €
2029	44.593.281,44 €	44.565.341,70 €	-27.939,74 €
2030	45.277.205,60 €	45.249.265,87 €	-27.939,73 €
2031	46.001.202,36 €	45.973.262,62 €	-27.939,74 €

O importe da diferenza no ano 2023: 828.624,32 €, por riba do crédito autorizado e disposto neste ano, debe ser sufragado por este concello. Para elo tomarase o crédito xerado na partida pola subvención recibida (587.674,00 €), e tamén se tomarán os 311.454,42€ minorados no ano 2023 á parte variable do contrato.

A modificación polo tanto será financiada con cargo á aplicación 1622,,2279901 "XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS", na que existe crédito suficiente no ano 2023 unha vez realizadas as accións anteditas en A) e B).

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE, incluíndo a parte fixa do contrato, os investimentos, o financiamento destes e a parte variable”, a garantía definitiva tras a modificación é de 18.339.561,14€. Dado que o contratista presentou unha garantía de 18.312.056,30€, deberá incrementar a mesma.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.



Concello de Vigo

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

A competencia para o inicio do procedemento de modificación está delegada na concelleira de Área de Goberno de Contratación, segundo acordo de data 22 de xuño de 2023.

-VII-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VIII-

Proposta de acordo

A vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Corrixir o plan de investimentos do contrato adxudicado reducindo este en 173.177,09€, polo que o total da Amortización máis o Financiamento pasa dos 15.180.960,38€ aos 15.007.783,30€. Todo elo antes da modificación nº 1 do contrato.

2º.- Minorar o prezo do contrato no ano 2023 en 311.454,42€ da parte variable, polo que o prezo do contrato no ano 2023 queda establecido en 37.453.052,50€, antes da modificación. O crédito liberado quedará dispoñible na partida 1622.227.99.01 “XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS”.

3º.- Modificar o contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada

dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular, que foi adxudicado a FCC MEDIOAMBIENTE SAU pola Xunta de Goberno local o 26 de maio de 2022, e que consisten en:

- Modificar o plan de investimentos do contrato incrementando este en 723.267,40€ (sen iva), o que supón un incremento do 4,82% sobre o inicial corrixido. O plan de investimentos modificado resulta en 15.731.057,17€ (sen iva), que serán cofinanciados con 587.674,00 € polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia -financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU-, figurando o devandito Plan dentro do eixe/compoñente 12: política industrial de España 2030, medida/investimento 13: Plan de apoio á implementación da normativa de residuos e ao fomento da economía circular (residuos e economía circular), submedida 001: residuos e economía circular, modalidade de financiamento 4620-MRR, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

4º.- Establecer como novo prezo do contrato modificado nº 1 o de 403.575.854,95€, dos que 323.754.427,36€ corresponden á parte fixa, 15.731.057,17€ corresponden á amortización máis financiamento, 26.346.558,10€ á parte variable, 959.180,21€ ao incentivo, 36.583.204,26€ ao IVE do 10% e 201.427,85€ ao IVE do 21%, coa seguinte distribución de anualidades (taboa IV-8):

ANO	IMPORTE TOTAL CONTRATO MODIFICADO S/IVE	TOTAL IVE	Total con IVE CONTRATO MODIFICADO
2022	16.882.647,04 €	1.695.426,34 €	18.578.073,38 €
2023	35.076.059,55 €	3.517.071,69 €	38.593.131,24 €
2024	35.542.422,16 €	3.564.296,40 €	39.106.718,56 €
2025	37.999.150,57 €	3.810.283,34 €	41.809.433,91 €
2026	38.699.101,00 €	3.880.761,14 €	42.579.862,14 €
2027	39.288.913,43 €	3.939.924,84 €	43.228.838,27 €
